

Mixomatose.
 Tularemia.
 Enfermidade hemorráxica viral do coello.
 Viremia primaveral da carpa.
 Necrose hematopoética epizootica.
 Herpesvírose do salmón masou.
 Acariase das abellas.
 Loque europea.
 Nosemose de abellas.
 Leishmaniose.
 Varroose.

ANEXO II

Declaración de enfermidade

- 1) Comunidade autónoma.
- 2) Provincia afectada.
- 3) Municipio afectado.
- 4) Enfermidade que se sospeita e, se é o caso, tipo de virus.
- 5) Data de aparición do primeiro enfermo ou sospeitoso.
- 6) ¿Trátase de foco primario ou secundario?
- 7) Número de foco.
- 8) Número de referencia correspondente ó foco.
- 9) Data de sospeita do foco (se se coñece).
- 10) Data estimada da primeira infección.
- 11) Número de explotacións afectadas.
- 12) Especies afectadas.
- 13) Por cada foco ou explotación, especifica-los datos por explotación no caso que existan varias afectadas nun mesmo foco, por especies agrupadas en bovinos, porcinos, ovinos, caprinos, aves de curral, équidos, peixes, especies silvestres, outras especies.

Censo da explotación.
 Número de animais afectados.
 Número de animais mortos.
 Número de animais sacrificados.
 Número de animais destruídos.
 Número de canles destruídas.

- 14) Data de confirmación da enfermidade.
- 15) Método diagnóstico usado.
- 16) Centro que realizou as probas e deu a conformidade.
- 17) Medidas de control adoptadas.
- 18) Distancias a outras explotacións receptibles.
- 19) Orixe da enfermidade.
- 20) En caso de animais procedentes doutro estado membro ou comunidade autónoma, data e hora de expedición, e estado ou comunidade de orixe.
- 21) En caso de que existan outras provincias (da mesma ou de distinta comunidade autónoma) afectadas por restricións, especificalas.

En caso de confirmarse en explotacións ou zonas autorizadas ou exentas, as infeccións de necrose hematopoética infecciosa, anemia infecciosa do salmón e septicemia hemorráxica viral, deberán notificarse como focos primarios. O nome e a descrición da explotación ou zona autorizada deberán incluírse no texto libre.

ANEXO V

Información complementaria en caso de peste porcina clásica

- 1) Data en que se empezou a sospeita-la existencia de peste porcina.
- 2) Data na que se confirmase a peste porcina; métodos utilizados para a devandita confirmación.
- 3) Localización da explotación infectada, e distancia a que se atopan as ganderías de porcino máis próximas.

4) Número de porcos, e categoría de porcos (cría, engorda, bácoros*) na explotación.

5) Por cada categoría de porcos (cría, engorda, bácoros*), número de porcos nos que se comprobou a existencia de peste porcina, e grao de mortalidade da enfermidade.

6) Se a enfermidade non tivo lugar nunha explotación, indicación da súa posible confirmación nun matadoiro ou nun medio de transporte.

7) Confirmación en casos primarios (**) en xabaris.

* Bácoros: animais con menos de tres meses de idade, aproximadamente.

** Por «casos primarios» en xabaris, entenderanse os casos que teñan lugar en zonas exentas, é dicir, fóra das zonas suxeitas a restricións por causa dun foco de peste porcina clásica en xabaris.

ANEXO VI

Informe puntualizado da peste porcina clásica

1) Data na que se matasen e destrúisen os porcos de explotación.

2) En caso de que se recorre á excepción prevista no artigo 6 do Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica, o número de porcos ós que se dese morte e que se destrúisen e o número de porcos dos cales o sacrificio fose atrasado, así como o prazo previsto para levar a cabo o devandito sacrificio.

3) Calquera información referente á posible orixe de enfermidade ou referente á orixe da enfermidade cando esta se poida determinar.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2720 *REAL DECRETO 118/2003, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio.* («BOE» 36, do 11-2-2003.)

O Real decreto 1425/1988, do 25 de novembro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de materiais plásticos destinados a entrar en contacto cos produtos alimenticios e alimentarios, incorporou ó ordenamento xurídico nacional as directivas comunitarias relativas ós materiais e envases destinados a entrar en contacto cos alimentos.

Posteriormente, a aprobación da lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e a regulación de determinadas condicións de ensaio levouse a cabo por medio do Real decreto 2207/1994, do 16 de novembro, que incorporou ó noso dereito interno as directivas 93/8/CEE e 93/9/CEE. O citado Real decreto 2207/1994 foi modificado, pola súa vez, polo Real decreto 510/1996, do 15 de marzo, que traspuxo a Directiva 95/3/CE; polo Real decreto 1042/1997, do 27 de xuño, que traspuxo a Directiva 96/11/CE, así como polos Reais decretos 1752/1998, do 31 de xullo, e 442/2001, do 27 de abril, que traspuxeron as directivas 97/48/CE, e 1999/91/CE, respectivamente.

A existencia de novos datos científicos e dunha revisión dos xa existentes, baseados nas avaliacións realizadas polo Comité Científico da Alimentación Humana (CCAH), deu lugar ás sucesivas modificacións das directivas e polo tanto dos respectivos reais decretos, permitindo a revisión das listas comunitarias de monómeros e aditivos dos materiais plásticos.

Por outra banda, a prol dunha maior simplificación e claridade, mediante esta disposición procedeu a fusión nun único texto os Reais decretos 2207/1994, 1752/1998 e 442/2001.

Así mesmo, procédese a incorpora-la Directiva 2001/62/CE da Comisión, do 9 de agosto de 2001, que modifica a Directiva 90/128/CEE, adecuando as disposicións vixentes á nova información dispoñible sobre os materiais e obxectos plásticos: engádense á sección A do anexo II deste real decreto, certas substancias e suprimense outras da sección B do mencionado anexo. Así mesmo, engádense substancias á lista de aditivos totalmente harmonizados a nivel comunitario, que poden utilizarse na fabricación de materiais e obxectos plásticos, incluída no anexo V, suprimense outros e modifícase o contido da columna de restricións ou especificacións así como tamén se engade unha sección B de aditivos; os límites de migración destes específicos aplicaranse a partir de xaneiro de 2004.

Dado que a lista de aditivos autorizados na fabricación de materiais plásticos non está na actualidade harmonizada, os aditivos que poden utilizarse na fabricación de materiais e obxectos plásticos unicamente son os incluídos no anexo V deste real decreto, e de forma provisional, ata que se complete a lista comunitaria e sempre que non estean mencionados no anexo V, os que figuran na Resolución do 4 de novembro de 1982, da Subsecretaría de Sanidade, pola que se aproba a lista positiva de substancias destinadas á fabricación de compostos macromoleculares, a lista de migracións máximas en probas de cesión dalgunhas delas, as condicións de pureza para as materias colorantes empregadas nos mesmos produtos e a lista dos materiais poliméricos axeitados para a fabricación de envases e outros utensilios que poidan estar en contacto cos produtos alimenticios e alimentarios, modificada pola Orde do Ministerio de Sanidade e Consumo do 3 de xullo de 1985.

Ademais, establécense novas especificacións e criterios de pureza unicamente para determinadas substancias.

Por outra banda, exclúense as siliconas da definición de materiais plásticos debido a que son materiais elastoméricos, os cales non están dentro do ámbito de aplicación do presente real decreto.

Novos coñecementos científicos indican que para determinados tipos de plásticos é posible dispoñer de modelos de difusión recoñecidos comunmente, baseados en datos experimentais, permitindo estima-lo nivel de migración dunha substancia en determinadas condicións, co cal se evitan análises complexas, custosas e prolongadas. Así mesmo, é máis sinxelo determina-la cantidade dunha substancia nun material ou obxecto plástico rematado que determina-lo seu nivel de migración específica, polo cal se establece a posibilidade da verificación do cumprimento da migración en materiais e obxectos plásticos, en determinadas condicións, medindo a cantidade de substancia no material ou obxecto plástico rematado.

O presente real decreto dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución e de acordo co disposto no artigo 40.2 e 4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa elaboración foron oídos os sectores afectados, emitindo o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de xaneiro de 2003,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto aproba-la lista positiva de monómeros e substancias de partida autorizadas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos produtos alimenticios e alimentarios, as súas migracións máximas permitidas cedidas en probas de migración, xa sexa globalmente ou para un constituínte específico e determina-las súas condicións de ensaio.

Artigo 2. *Definición.*

1. Para efectos deste real decreto, enténdese por materia plástica o composto macromolecular orgánico obtido por polimerización, policondensación, poliadición ou outro procedemento similar a partir de moléculas de peso molecular inferior ou por modificación química de macromoléculas naturais. O devandito composto macromolecular poderán engadirse outras substancias ou materias, consideradas aditivos.

2. Para os efectos deste real decreto, enténdese por aditivo toda substancia incorporada ós polímeros durante os procesos de síntese, elaboración ou transformación, co fin de facilita-os devanditos procesos ou modificar convenientemente as propiedades finais do produto rematado. Estes aditivos, con excepción dos colorantes, deberán figurar nas correspondentes listas positivas.

3. Os denominados complexos formados por capas de materiais plásticos diferentes consideraranse, para os efectos específicos deste real decreto, como un conxunto único e non só que estea en contacto co alimento, se ben cada un deles deberá cumprir por separado as condicións xerais ou específicas que lle correspondan.

4. Sen embargo, non se considerarán «materias plásticas»:

a) As películas de celulosa rexenerada, vernizadas e non vernizadas, reguladas polo Real decreto 1413/1994, do 25 de xuño.

b) Os elastómeros e cauchos naturais e sintéticos.

c) Os papeis e cartóns, modificados ou non por engadido de materia plástica.

d) Os revestimentos de superficie obtidos a partir de:

1.º Ceras de parafina, incluídas as ceras de parafina sintética ou ceras microcristalinas.

2.º Mesturas de ceras mencionadas no primeiro guión, entre si ou con materias plásticas.

e) As resinas de intercambio iónico.

f) As siliconas.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase ós materiais e obxectos plásticos e ás súas partes, incluídos nos artigos 1 e 2 da Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de materiais plásticos destinados a entrar en contacto cos produtos alimenticios e alimentarios, aprobada polo Real decreto 1425/1988, do 25 de novembro, que estean:

a) Constituídos exclusivamente de materias plásticas.

b) Compostos de dúas ou máis capas cada unha das cales estea constituída exclusivamente de materias

plásticas e que estean unidas entre si por soldadura, adhesivos ou por calquera outro medio, e que, no estado de produtos rematados, estean destinados a entrar en contacto ou se poñan en contacto con produtos alimenticios ou alimentarios.

2. O disposto neste real decreto non será de aplicación ós materiais e obxectos compostos de dúas ou máis capas, cando polo menos unha delas non estea exclusivamente constituída por materias plásticas, mesmo se a destinada a entrar en contacto directo cos produtos alimenticios estivese constituída exclusivamente por materia plástica.

Artigo 4. *Límite de migración global.*

Os materiais e obxectos plásticos non deberán ceder as súas compoñentes ós produtos alimenticios en cantidades que excedan de 10 miligramos por decímetro cadrado de superficie do material ou obxecto (mg/dm^2) (límite de migración global). Non obstante, este límite será de 60 miligramos de constituintes liberados por quilogramo de produto alimenticio (mg/kg) nos seguintes casos:

- a) Obxectos que sexan envases ou que sexan comparables a envases ou que poidan encherse dunha capacidade non inferior a 500 mililitros (ml) e non superior a 10 litros.
- b) Obxectos que poidan encherse cunha superficie en contacto cos produtos alimenticios que sexa imposible de calcular.
- c) Capuchóns, obturadores, tapóns ou outros dispositivos de peche similares.

Artigo 5. *Límites de migración específica.*

1. Os límites de migración específica indicados no anexo II deste real decreto están expresados en mg/kg . Non obstante, tales límites exprésanse en mg/dm^2 nos seguintes casos:

- a) Obxectos que sexan envases ou que sexan comparables a envases ou que poidan encherse dunha capacidade inferior a 500 mililitros (ml) ou superior a 10 litros.
- b) Láminas, películas ou outros materiais que non poidan encherse ou para os que sexa imposible calcula-la relación entre a superficie de tales materiais e a cantidade de produto alimenticio en contacto con eles.

2. Nos casos considerados no punto 1, os límites indicados no anexo II, expresados en mg/kg , dividiranse por 6, como factor convencional de conversión, para expresalos en mg/dm^2 .

Artigo 6. *Condicións dos ensaios de migración.*

1. Os ensaios de migración pódense efectuar ben en produtos alimenticios ou ben en simulantes.

2. A verificación do cumprimento dos límites de migración efectuarase de acordo co establecido nos anexos I e IV do presente real decreto. Así mesmo, poderase efectuar mediante a determinación da cantidade dunha substancia no material ou no obxecto rematado, sempre que se defina unha relación entre a devandita cantidade e o valor da migración específica da substancia a través dunha experimentación axeitada ou mediante a aplicación de modelos de difusión comunmente recoñecidos, baseado en probas científicas. Para demostralo incumprimento dun material ou dun obxecto será obrigatorio confirmar mediante análises experimentais o valor de migración estimado.

3. Non será obrigatoria a verificación do cumprimento dos límites de migración específica prevista no artigo 5, en caso de que se poida demostrar un dos seguintes supostos:

a) Que o cumprimento do límite de migración global establecido no artigo 4 implica que non se superan os límites de migración específica.

b) Que a cantidade de substancia residual no material ou obxecto, aínda considerando a migración completa da devandita substancia, non supera o límite de migración específica.

4. Os ensaios para comprobar se a migración ós produtos alimenticios se axusta ós límites máximos permitidos realizaranse nas condicións de duración e temperatura máis extremas previsibles de uso real.

Artigo 7. *Lista positiva de monómeros e outras substancias de partida.*

1. Soamente poderán ser utilizados para a fabricación de materiais e obxectos plásticos os monómeros e outras substancias de partida enumeradas nas seccións A e B do anexo II deste real decreto, coas restriccións alí especificadas.

Non obstante, os monómeros e outras substancias de partida incluídos na sección B do anexo II poderán seguir utilizándose ata o 31 de decembro de 2004, como máximo, á espera de que o Comité Científico da Alimentación Humana leve a cabo a súa avaliación.

2. Poderase realiza-la ampliación da lista da sección A do anexo II, por inclusión das substancias enumeradas na sección B do anexo II, conforme os criterios establecidos no anexo III, ou de substancias non incluídas no anexo II.

3. Para efectos deste real decreto, as listas positivas de monómeros e outras substancias de partida que figuran nas seccións A e B do anexo II non poden considerarse ata a aprobación da súa lexislación específica, como listas positivas das devanditas substancias, usadas na fabricación de:

- a) Revestimentos de superficie obtidos a partir de produtos resinosos ou polimerizados en forma líquida, de po ou de dispersión, tales como vernices, lacas, pinturas, etc.
- b) Resinas epoxídicas.
- c) Adhesivos e activadores de adhesión.
- d) Tintas de imprenta.

Artigo 8. *Lista positiva de aditivos.*

1. Os aditivos que poden utilizarse na fabricación de materiais e obxectos plásticos xunto coas restriccións especificadas, son os que figuran nas seccións A e B do anexo V, así como os incluídos na Resolución do 4 de novembro de 1982, da Subsecretaría de Sanidade, e a súa modificación pola Orde do 3 de xullo de 1985, que non estean considerados no presente real decreto.

Para as substancias da sección B do anexo V, os límites de migración específica aplicaranse a partir do 1 de xaneiro de 2004 cando a verificación do cumprimento se leve a cabo en simulantes D ou en medios de proba de análises substitutivas, de acordo co establecido no anexo IV do presente real decreto.

2. Ós valores admitidos para as migracións específicas dos aditivos nos que se poida presenta-la dualidade funcional de monómero ou substancia de partida e de aditivo, aplicaranse os criterios establecidos neste real decreto.

3. Están autorizadas todas aquelas materias colorantes empregadas para a fabricación ou elaboración de

materias e obxectos plásticos que cumpran co disposto no número 7.5 do artigo 7 da Regulamentación técnico sanitaria aprobada polo Real decreto 1425/1988, do 25 de novembro. As devanditas materias non figurarán na lista positiva de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos.

Artigo 9. *Productos obtidos por medio de fermentación bacteriana.*

Só poderán utilizarse en contacto con produtos alimenticios os produtos obtidos mediante fermentación bacteriana, a lista dos cales figura no anexo VI.

Artigo 10. *Especificacións.*

Na sección A do anexo VII figuran as especificacións xerais relativas ós materiais e obxectos plásticos. Na sección B do anexo VII establécense outras especificacións sobre determinadas substancias que figuran nos anexos II, V e VI.

Artigo 11. *Declaración para a comercialización.*

Os materiais e obxectos plásticos, cando estean destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios ou alimentarios, deberán ir acompañados, nas fases de comercialización que non sexan as de venda polo miúdo, dunha declaración por escrito que certifique a súa conformidade coas disposicións legais vixentes na materia que lle son aplicables.

O anteriormente disposto non será de aplicación a aqueles materiais e obxectos plásticos que, pola súa natureza, é obvia a súa utilización en contacto con alimentos ou produtos alimentarios.

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os requisitos establecidos neste real decreto non se aplicarán ós materiais e artigos que conteñan as substancias reguladas pola Directiva 2001/62/CE obxecto de transposición, que quedan reguladas pola súa vez pola presente disposición, as cales están sinaladas co símbolo □ na columna «Número PM/REF», sempre que fosen postas en circulación antes do 1 de decembro de 2002.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto no presente real decreto, e en particular os Reais decretos 2207/1994, do 16 de novembro, 1752/1998, do 31 de xullo, e 442/2001, do 27 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución e de acordo co disposto no artigo 40, números 2 e 4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros de Sanidade e Consumo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, para dictar no ámbito das súas respectivas competencias as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto, así como para a actualización dos seus anexos cando iso sexa necesario para adaptalos ás disposicións da Unión Europea.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 31 de xaneiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Disposicións adicionais aplicables ó control do cumprimento dos límites de migración

I. *Disposicións xerais*

1. Cando se comparen os resultados das probas de migración especificados no anexo IV deberá aceptarse de forma convencional que o peso específico de tódolos simulantes é 1 g/cm³. Así pois, os miligramos de substancia ou substancias migradas por litro de simulante (mg/litro), corresponderán numericamente a miligramos de substancia ou substancias liberadas por quilogramo de simulante e, de acordo coas condicións establecidas no anexo IV, a miligramos de substancia ou substancias liberadas por quilogramo de produto alimenticio.

2. Cando as probas de migración se leven a cabo sobre mostras tomadas do material ou obxecto ou sobre mostras fabricadas a propósito e as cantidades en produto alimenticio ou de simulante postos en contacto coa mostra sexan diferentes das que se empreguen nas condicións reais en que se use o material ou obxecto, haberá que corrixi-los resultados obtidos aplicando a seguinte fórmula:

$$M = \frac{m \cdot a_2}{a_1 \cdot q} \cdot 1000$$

Onde:

M = será a migración en mg/kg.

m = será a masa expresada en mg de substancia liberada pola mostra e determinada na proba de migración.

a₁ = será a superficie expresada en dm² da mostra en contacto cos alimentos ou simulantes no ensaio de migración.

a₂ = será a superficie expresada en dm² do material ou obxecto nas condicións reais de uso.

q = será a cantidade expresada en gramos de produto alimenticio en contacto co material ou obxecto nas condicións reais de uso.

3. A determinación da migración levarase a cabo sobre o material ou obxecto ou, se iso non é posible, utilizando mostras tomadas do material ou obxecto ou, cando sexa adecuado, mostras representativas dese material ou obxecto.

A mostra porase en contacto co produto alimenticio ou o simulante de forma equivalente ás condicións de contacto reais. Para iso, a proba levarase a cabo de tal forma que só entren en contacto co produto alimenticio ou o simulante aquelas partes das mostras destinadas a entrar en contacto cos produtos alimenticios no uso real. Esta condición é particularmente importante no caso de materiais ou obxectos que se compoñan de diversas capas, para peches, etc.

As probas de migración realizadas sobre capuchóns, obturadores, tapóns ou dispositivos similares utilizados con peche deberán levar a cabo poñendo estes obxectos en contacto cos envases ós que estean destinados,

de tal forma que correspondan ás condicións normais ou previsibles de uso.

En todos estes casos será lícito demostra-lo cumprimento dos límites de migración mediante probas máis severas.

4. De acordo coas disposicións do artigo 6 do presente real decreto, a mostra do material ou obxecto colocase en contacto co produto alimenticio ou o simulante apropiado durante un período de tempo e a unha temperatura elixidos en relación coas condicións de contacto no uso real, de acordo coas normas establecidas no anexo IV. Ó final do tempo prescrito, levarase a cabo sobre o produto alimenticio ou o simulante a determinación analítica da cantidade total de substancia (migración global) ou da cantidade específica dunha ou máis substancias (migración específica) liberadas pola mostra.

5. Cando un material ou obxecto estea destinado a entrar en contacto repetidas veces con produtos alimenticios, a proba ou probas de migración deberanse levar a cabo tres veces sobre unha mesma mostra de acordo coas condicións establecidas no anexo IV, usando outra mostra de alimento ou simulante en cada proba. A conformidade do devandito material ou obxecto cos límites controlárase sobre a base do nivel de migración que se atope na terceira proba. Non obstante, se existe unha proba concluínte de que o nivel de migración non aumenta nas probas segunda e terceira e se non se supera o límite ou límites de migración na primeira proba non serán necesarias as seguintes.

II. Disposicións especiais relacionadas coa migración global

1. Se se usan os simulantes acuosos especificados no anexo IV, a determinación da cantidade total de substancia liberada pola mostra poderase levar a cabo por evaporación do simulante e determinación do peso do residuo.

Se se utiliza aceite de oliva rectificado ou calquera dos produtos substitutivos, pódese segui-lo seguinte procedemento: pesarse a mostra ou obxecto antes e despois do contacto co simulante. A cantidade deste absorbida pola mostra extraerese e determinarase cuantitativamente. A cantidade de simulante que se atope restarase do peso da mostra medida despois do contacto co simulante. A diferenza entre os pesos inicial e final corrixido representará a migración global da mostra examinada.

Cando un material ou obxecto estea destinado a entrar en contacto repetido con produtos alimenticios e sexa tecnicamente imposible levar a cabo a proba descrita no punto I.5, poderanse aceptar modificacións desta proba con tal de que permitan determina-lo nivel de migración que ten lugar durante a terceira proba. A continuación descríbese unha desas posibles modificacións: a proba levarase a cabo en tres mostras idénticas do material ou obxecto. Unha destas someterase ás probas axeitadas e determinarase a migración global (M_1); a segunda e terceira mostras someteranse ás mesmas condicións de temperatura, pero os períodos de contacto serán respectivamente dous e tres veces superiores ó especificado e determinarase a migración global en cada caso (M_2 e M_3 , respectivamente).

Considerarase que o material ou obxecto é conforme sempre que M_1 ou $M_3 - M_2$ ou excedan do límite de migración global.

2. Un material ou obxecto que supere o límite de migración global en cantidades non superiores á tole-

rancia analítica mencionada máis abaixo deberá considerarse conforme o presente real decreto.

Admítense as seguintes tolerancias analíticas:

a) 20 mg/kg ou 3 mg/dm² nas probas de migración que utilizan aceite de oliva rectificado ou produtos substitutivos.

b) 12 mg/kg ou 2 mg/dm² nas probas de migración que utilizan os outros simulantes ós que se refire o anexo IV.

3. Non se efectuarán probas de migración que utilicen aceite de oliva ou produtos substitutivos para verifica-lo cumprimento do límite de migración global nos casos en que se demostrara de forma concluínte que o método analítico especificado é inadecuado desde o punto de vista técnico.

En tales casos, para as substancias que non teñan límites de migración específica ou outras restriccións, na lista recollida no anexo II aplicarase un límite xenérico de migración específica de 60 mg/kg ou 10 mg/dm² segundo o caso. A suma de tódalas migracións específicas determinadas non excederá, sen embargo, do límite de migración global.

ANEXO II

Lista de monómeros e outras substancias de partida autorizadas para usarse na fabricación de materiais e obxectos plásticos

I. Introducción xeral

1. Este anexo establece a lista de monómeros e outras substancias de partida. A devandita lista contén:

a) Substancias destinadas a ser sometidas a polimerización, o que inclúe policondensación, poliadición ou calquera outro proceso similar, para producir macromoléculas.

b) Substancias macromoleculares naturais ou sintéticas utilizadas na fabricación de macromoléculas modificadas, sempre que os monómeros ou as outras substancias de partida necesarias para a síntese daquelas non estean incluídos na lista.

c) Substancias utilizadas para modifica-las substancias macromoleculares naturais ou sintéticas xa existentes.

2. A lista non inclúe os sales (considéranse sales dobres e sales ácidos), de aluminio, amonio, calcio, ferro, magnesio, potasio, sodio e cinc dos ácidos, fenóis ou alcohois, os cales tamén están autorizados; sen embargo aparecen na lista nomes que conteñen a palabra ... ácido(s), sal(es), en caso de que o(s) correspondente(s) ácido(s) libre(s) non o mencione(n). En tales casos o significado do termo «sales» é «sales de aluminio, amonio, calcio, ferro, magnesio, potasio, sodio e cinc».

3. A lista tampouco inclúe as seguintes substancias que poderían atoparse no produto rematado:

a) Substancias que poderían atoparse no produto rematado como:

- 1.º Impurezas das substancias utilizadas.
- 2.º Produtos intermedios da reacción.
- 3.º Produtos de descomposición.

b) Oligómeros e substancias macromoleculares naturais ou sintéticas así como as súas mesturas, se os monómeros ou substancias de partida necesarios para sintetizalos están xa incluídos na lista.

c) Mesturas das substancias autorizadas.

Os materiais e obxectos que conteñan as substancias mencionadas nos parágrafos a), b) e c) cumprirán os requisitos establecidos no Real decreto 1425/1988, do 25 de novembro, polo que se aproba a Regula-

tación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de materiais plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos.

4. As substancias autorizadas deberán ser de boa calidade técnica, en canto ós criterios de pureza.

5. A lista contén os seguintes datos:

1.º Columna 1 (número PM/REF): o número de referencia CEE da substancia de material da embalaxe, da lista.

2.º Columna 2 (número CAS): o número de rexistro do CAS (Chemical Abstracts Service).

3.º Columna 3 (nome): o nome químico.

4.º Columna 4 (Restriccións ou especificacións).

Estas poden incluír:

a) O límite de migración específica (LME).

b) Cantidade máxima permitida de substancia no material ou obxecto rematado (CM).

c) Cantidade máxima permitida da substancia por unidade de superficie en contacto cos produtos alimenticios (CMA), por exemplo: mg (de substancia) por 6 dm² (de superficie de contacto cos produtos alimenticios).

d) Calquera outra restricción especificamente mencionada.

e) Calquera outro tipo de especificacións vinculadas á substancia ou ó polímero.

6. Se unha substancia que aparece na lista como composto illado tamén está incluída nun nome xenérico, as restriccións aplicables a esta substancia serán as correspondentes ó composto illado.

7. En caso de desacordo entre o número do CAS e o nome químico, este último prevalecerá fronte ó primeiro. Se existe desacordo entre o número do CAS recollido no EINECS e no rexistro do CAS aplicarase este último.

8. Na columna 4 da táboa utilízanse unha serie de abreviaturas, co seguinte significado:

LD = límite de detección do método de análise.

PT = material ou obxecto rematado.

SA = simulante de alimentos.

NCO = grupo funcional isocianato.

ND = non detectable.

Para efectos deste real decreto, a expresión «non detectable» significa que a substancia non se debería

detectar por un método analítico validado, que posúe un límite de detección acorde co esixido pola súa restricción específica. Se non existe un método tal no momento de realiza-la análise, poderá empregarse un método analítico fiable e reproducibile que posúa o límite de detección requirido pola súa restricción específica, á espera de que se desenvolva un método validado.

CM = cantidade máxima permitida de substancia «residual» no material ou obxecto.

CM(T) = cantidade máxima permitida de substancia «residual» no material ou obxecto, expresada como total dos grupos ou substancias indicados. «CM(T)» significa que a cantidade máxima permitida de substancia «residual» no material ou obxecto se determinará por un método analítico validado no límite especificado. Se non existe polo momento tal método, poderá empregarse un método analítico que posúa a sensibilidade necesaria para determinar fiablemente o límite especificado, á espera de que se elabore un método validado.

LME = límite de migración específica en alimentos ou en simulantes alimenticios, a menos que se indique o contrario. Para os efectos deste real decreto, «LME» significa que a migración específica da substancia se determinará por un método analítico validado que posúa un límite de detección acorde co esixido polo seu LME. Se non existe un método tal no momento de realiza-la análise, poderá empregarse un método analítico fiable e reproducibile que posúa a sensibilidade requirida polo seu LME, á espera de que se desenvolva un método validado.

LME(T) = límite de migración específica nos alimentos ou en simulantes alimenticios, expresado como total dos grupos ou substancias indicados. «LME(T)» significa que o límite de migración específica das substancias se determinará por un método analítico validado no límite especificado. Se non existe polo momento un método tal, poderá empregarse un método analítico que posúa a sensibilidade necesaria para determinar fiablemente o límite especificado, á espera de que se elabore un método validado.

SECCIÓN A

Lista autorizada de monómeros e outras substancias de partida

Número PM/REF (1)	Número CAS (2)	Nome (3)	Restriccións ou especificacións (4)
10030	000514-10-3	Ácido abiético.	
10060	000075-07-0	Acetaldehído.	LME(T) = 6 mg/kg (2).
10090	000064-19-7	Ácido acético.	
10120	000108-05-4	Acetato de vinilo.	LME = 12 mg/kg.
10150	000108-24-7	Anhídrido acético.	
10210	000074-86-2	Acetileno.	
10630	000079-06-1	Acrilamida.	LME = ND(LD = 0,01 mg/kg).
10660	015214-89-8	Ácido 2-acrilamida-2-metil propanosulfónico.	LME = 0,05 mg/kg.
10690	000079-10-7	Ácido acrílico.	
10750	002495-35-4	Acrilato de bencilo.	
10780	000141-32-2	Acrilato de n-butilo.	
10810	002998-08-5	Acrilato de sec-butilo.	
10840	001663-39-4	Acrilato de ter-butilo.	
11000	050976-02-8	Acrilato de dicitopentadienilo.	CMA = 0,05 mg/6 dm ² .
11245	002156-97-0	Acrilato de dodecilo.	LME = 0,05 mg/kg (1).

Número PM/REF (1)	Número CAS (2)	Nome (3)	Restriccións ou especificacións (4)
11470	000140-88-5	Acrilato de etilo.	
11510	000818-61-1	Acrilato de hidroxietilo.	
11530 □	00999-61-1	Acrilato de 2-hidroxi-propilo.	Ver «Monoacrilato de dietilenglicol».
11590	00106-63-8	Acrilato de isobutilo.	CMA = 0,05 mg/6 dm ² .
11680	000689-12-3	Acrilato de isopropilo.	
11710	000096-33-3	Acrilato de metilo.	
11830	000818-61-1	Monoacrilato de etilenglicol.	
11890	002499-59-4	Acrilato de n-octilo.	
11980	000925-60-0	Acrilato de propilo.	
12100	000107-13-1	Acrlonitrilo.	LME = non detectable (LD = 0,020 mg/kg, tolerancia analítica incluída).
12130	000124-04-9	Ácido adípico.	
12265	004074-90-2	Adipato de divinilo.	CM = 5 mg/kg en PT Para uso só como comonomero.
12280	002035-75-8	Anhídrido adípico.	
12310		Albumina.	
12340		Albumina coagulada por formaldehido.	
12375		Monoalcohois alifáticos saturados lineais primarios (C ₄ -C ₂₂).	
12670	002855-13-2	1-Amino-3-aminometil-3,5,5-trimetilciclohexano.	LME = 6 mg/kg.
12761	000693-57-2	Ácido 12-aminododecanoico.	LME = 0,05 mg/kg.
12763 □	00141-43-5	2-Aminoetanol.	LME = 0,05 mg/kg. Substancia non para uso en polímeros en contacto con alimentos para os cales está establecido o simulante D no anexo IV e soamente para contacto indirecto con alimentos detrás da capa de PET.
12765 □	84434-12-8	N-(2-Aminoetil)-beta-alaninato de sodio.	LME = 0,05 mg/kg.
12788	002432-99-7	Ácido 11-aminoundecanoico.	LME = 5 mg/kg.
12789	007664-41-7	Amoníaco.	
12820	000123-99-9	Ácido azelaico.	
12970	004196-95-6	Anhídrido azelaico.	
13000	001477-55-0	1,3-bencenodimetanamina.	LME = 0,05 mg/kg.
13060	004422-95-1	Tricloruro do ácido 1,3,5-bencenotricarboxílico.	CMA = 0,05 mg/6 dm ² . (determinado como ácido 1,3,5 bencenotricarboxílica).
13090	000065-85-0	Ácido benzoico.	
13150	000100-51-6	Alcohol bencílico.	
13180	000498-66-8	Biciclo[2,2,1] hept-2-eno (= norborneno).	LME = 0,05 mg/kg.
13210	001761-71-3	Bis(4-aminociclohexil)metano.	LME = 0,05 mg/kg.
13326	000111-46-6	Éter bis (2-hidroxietílico).	Ver «Dietilenglicol».
13380	000077-99-6	2,2-Bis (hidroximetil) 1-butanol.	Ver 1,1,1-Trimetilolpropano.
13390	000105-08-8	1,4-Bis (hidroximetil) ciclohexano.	
13395 □	04767-03-7	Ácido 2,2-bis(hidroximetil) propiónico.	CMA = 0,05 mg/6 dm ² .
13480	000080-05-7	2,2-Bis (4-hidroxifenil) propano.	LME = 3 mg/kg.
13510 □	001675-54-3	Éter bis (2,3-epoxipropílico) de 2,2-bis(4-hidroxifenil) propano (= BADGE).	De acordo co real decreto relativo á utilización de determinados derivados epoxídicos en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios.
13530	038103-06-9	Bis (anhídrido ftálico) de 2,2 bis(4-hidroxifenil) propano.	LME = 0,05 mg/kg.
13550	000110-98-5	Éter bis (hidroxipropílico).	Ver Dipropilenglicol.
13560	005124-30-1	Bis (4-isocianatociclohexil) metano.	Ver 4,4-Diisocianato de dicitlohexilmetano.
13600	047465-97-4	3,3-Bis(3-metil-4-hidroxifenil)-2-indolinona.	LME = 1,8 mg/kg.
13607	000080-05-7	Bisfenol A.	Ver 2,2-bis (4-hidroxifenil) propano.
13610 □	001675-54-3	Éter bis (2,3-epoxipropílico) de bisfenol A.	Ver éter bis (2,3-epoxipropílico) de 2,2-bis(4-hidroxifenil) propano.
13614	038103-06-9	Bis (anhídrido ftálico) de bisfenol A.	Ver 13530.
13617 □	00080-09-1	Bisfenol S.	Ver 4,4-Dihidroxidifenilsulfona.
13630	000106-99-0	Butadieno.	CM = 1 mg/kg en PT ou LME = non detectable (LD = 0,02 mg/kg, tolerancia analítica incluída).
13690	000107-88-0	1,3-Butanodiol.	
13780	002425-79-8	Éter bis(2,3-epoxipropílico) do 1,4-butanodiol.	CM = 1 mg/kg en PT (expresado como grupo epoxi, peso molecular = 43).
13810 □	00505-65-7	1,4-Butanodiolformal.	CMA = 0,05 mg/6 dm ² .

Número PM/REF (1)	Número CAS (2)	Nome (3)	Restriccións ou especificacións (4)
13840	000071-36-3	1-Butanol.	CMA = ND (LD = 0,02 mg/6 dm ²) Únicamente para utilizar como comonomero para a preparación de aditivos poliméricos. LME = 0,05 mg/kg.
13870	000106-98-9	1-Buteno.	
13900	000107-01-7	2-Buteno.	
13932 □	00598-32-3	3-Buten-2-ol.	
14020	000098-54-4	4-terc-Butilfenol.	LME(T) = 15 mg/kg (5). LME(T) = 15 mg/kg (5) (expresado como caprolactama).
14110	000123-72-8	Butiraldehido.	
14140	000107-92-6	Ácido butírico.	
14170	000106-31-0	Anhídrido butírico.	
14200 □	000105-60-2	Caprolactama.	
14230 □	002123-24-2	Caprolactama, sal de sodio.	
14320	000124-07-2	Ácido caprílico.	
14350	000630-08-0	Monóxido de carbono.	
14380	000075-44-5	Cloruro de carbonilo.	
14411	008001-79-4	Aceite de ricino.	
14500	009004-34-6	Celulosa.	CM = 1 mg/kg en PT.
14530	007782-50-5	Cloro.	
14570	000106-89-8	1-Cloro-2,3-epoxipropano.	
14650	000079-38-9	Clorotrifluoretileno.	
14680	000077-92-9	Ácido cítrico.	
14710	000108-39-4	m-Cresol.	
14740	000095-48-7	o-Cresol.	
14770	000106-44-5	p-Cresol.	
14841	000599-64-4	4-Cumilfenol.	
14880	000105-08-8	1,4-Ciclohexanodimetanol.	
14950	003173-53-3	Isocianato de ciclohexilo.	Ver «Epiclorhidrina». CMA = 0,05 mg/6 dm ² .
15030 □	00931-88-4	Ciclocteno.	
15070	001647-16-1	1,9 Decadieno.	
15095	000334-48-5	Ácido decanoico.	
15100	000112-30-1	1-Decanol.	
15130	000872-05-9	1-Decena.	
15250	000110-60-1	1,4-Diaminobutano.	
15272	000107-15-3	1,2-Diaminoetano.	
15274	000124-09-4	1,6-Diaminohexano.	
15370 □	03236-53-1	1,6-Diamino-2,2, 4-trimetilhexano.	
15400 □	03236-54-2	1,6-Diamino-2,2, 4-trimetilhexano.	
15565	000106-46-7	1,4-Diclorobenceno.	LME = 0,05 mg/kg. Para uso soamente en polímeros en contacto con alimentos para os cales está establecido o simulante A no anexo IV. LME = 0,05 mg/kg.
15610 □	00080-07-9	4,4'-Diclorodifenilsulfona.	
15700	005124-30-1	4,4'-Diisocianato de diciclo-hexilmetano.	
15760	000111-46-6	Dietilenglicol.	
15790	000111-40-0	Dietilentriammina.	
15820	000345-92-6	4,4'-Difluorbenzofenona.	
15880	000120-80-9	1,2-Dihidroxibenceno.	
15910	000108-46-3	1,3-Dihidroxibenceno.	
15940	000123-31-9	1,4-Dihidroxibenceno.	
15970 □	000611-99-4	4,4'-Dihidroxibenzofenona.	
16000	000092-88-6	4,4'-Dihidroxibifenilo.	LME = 0,05 mg/kg. LME = 12 mg/kg. LME = 0,05 mg/kg. LME = 0,05 mg/kg. LME = 12 mg/kg. LME = 0,05 mg/kg. LME = 18 mg/kg. CM(T) = 1 mg/kg en PT (expresado como NCO).
16090 □	00080-09-1	4,4'-Dihidroxidifenilsulfona.	
16150	000108-01-0	Dimetilaminoetanol.	
16240	000091-97-4	4,4'-Diisocianato de 3,3'-dimetilbifenilo.	
16360	000576-26-1	2,6-Dimetilfenol.	
16390 □	00126-30-7	2,2-Dimetil-1,3-propanodiol.	
16450	000646-06-0	1,3-Dioxolano.	
16480	000126-58-9	Dipentaeritritol.	
16570	004128-73-8	4,4'-Diisocianato do éter difenílico.	
16600	005873-54-1	2,4'-Diisocianato de difenil-metano.	

Número PM/REF (1)	Número CAS (2)	Nome (3)	Restriccións ou especificacións (4)
16630	000101-68-8	4,4'-Diisocianato de difenil-metano.	CM(T) = 1 mg/kg en PT (expresado como NCO).
16660	000110-98-5	Dipropilenglicol.	
16694	013811-50-2	N,N-Divinil-2-imidazolidinona.	CM = 5 mg/kg en PT.
16704	000112-41-4	1-Dodeceno.	LME = 0,05 mg/kg.
16750	000106-89-8	Epiclorhidrina.	CM = 1 mg/kg en PT.
16780	000064-17-5	Etanol.	
16950	000074-85-1	Etileno.	
16960	000107-15-3	Etilendiamina.	LME = 12 mg/kg.
16990	000107-21-1	Etilenglicol.	LME(T) = 30 mg/kg (3).
17005	000151-56-4	Etilenimina.	LME = ND(LD = 0,01 mg/kg).
17020	000075-21-8	Óxido de etileno.	CM = 1 mg/kg en PT.
17050	000104-76-7	2-Etil-1-hexanol.	LME = 30 mg/kg.
17160	000097-53-0	Euxenol.	LME = ND(LD = 0,02 mg/kg, tolerancia analítica incluída).
17170	061788-47-4	Ácidos graxos do aceite de coco.	
17200	068308-53-2	Ácidos graxos do aceite de soia.	
17230	061790-12-3	Ácidos graxos do aceite de tall.	
17260 □	000050-00-0	Formaldehido.	LME = 15 mg/kg (22).
17290	000110-17-8	Ácido fumárico.	
17530	000050-99-7	Glicosa.	
18010	000110-94-1	Ácido glutárico.	
18070	000108-55-4	Anhídrido glutárico.	
18100	000056-81-5	Glicerol.	
18220	068564-88-5	Ácido N-heptilaminoundecanoico.	LM = 0,05 mg/kg (1).
18250	000115-28-6	Ácido hexacloroendometilentetrahidroftálico.	LME = ND(LD = 0,01 mg/kg).
18280	000115-27-5	Anhídrido hexacloroendometilentetrahidroftálico.	LME = ND(LD = 0,01 mg/kg).
18310	036653-82-4	1-Hexadecanol.	
18430	000116-15-4	Hexafluorpropileno.	LME = ND(LD = 0,01 mg/kg).
18460	000124-09-4	Hexametilendiamina.	LME = 2,4 mg/kg.
18640	000822-06-0	Diisocianato de hexametileno.	CM(T) = 1 mg/kg en PT (expresado como NCO).
18670 □	000100-97-0	Hexametilentetramina.	LME(T) = 15 mg/kg (22) (expresado como formaldehido).
18820	000592-41-6	1-Hexeno.	LME = 3 mg/kg.
18867	000123-31-9	Hidroquinona.	Ver «1,4-Dihidroxibenceno».
18880	000099-96-7	Ácido p-hidroxibenzoico.	
19000	000115-11-7	Isobuteno.	
19060	000109-53-5	Éter isobutilvinílico.	CM = 5 mg/kg en PT.
19110 □	04098-71-9	1-Isocianato-3-isocianatometil-3,5,5-trimetilciclohexano.	CM(T) = 1 mg/kg en PT (expresado como NCO).
19150	000121-91-5	Ácido isoftálico.	LME = 5 mg/kg.
19210	001459-93-4	Isoftalato de dimetilo.	LME = 0,05 mg/kg.
19243 □	00078-79-5	Isopreno.	Ver 2-Metil-1,3-butadieno.
19270	000097-65-4	Ácido itacónico.	
19460	000050-21-5	Ácido láctico.	
19470	000143-07-7	Ácido láurico.	
19480	002146-71-6	Laurato de vinilo.	
19490 □	00947-04-6	Lauro lactama.	LME = 5 mg/kg.
19510	011132-73-3	Lignocelulosa.	
19540 □	000110-16-7	Ácido maleico.	LME(T) = 30 mg/kg (4).
19960 □	000108-31-6	Anhídrido maleico.	LME(T) = 30 mg/kg (4) (expresado como ácido maleico).
19975	000108-78-1	Melamina.	Ver «2,4 6-Triamino-1,3 5-triazina».
19990	000079-39-0	Metacrilamida.	LME = ND(LD = 0,02 mg/kg, tolerancia analítica incluída).
20020	000079-41-4	Ácido metacrílico.	
20050	000096-05-9	Metacrilato de alilo.	LME = 0,05 mg/kg.
20080	002495-37-6	Metacrilato de bencilo.	
20110	000097-88-1	Metacrilato de butilo.	
20140	002998-18-7	Metacrilato de sec-butilo.	
20170	000585-07-9	Metacrilato de terc-butilo.	
20260 □	00101-43-9	Metacrilato de ciclohexilo.	LME = 0,05 mg/kg.
20410 □	02082-81-7	Dimetacrilato de 1,4-butanodiol.	LME = 0,05 mg/kg.
20530	002867-47-2	Metacrilato de 2-(dimetilamina)etilo.	LME = ND(LD = 0,02 mg/kg, tolerancia analítica incluída).

Número PM/REF (1)	Número CAS (2)	Nome (3)	Restriccións ou especificacións (4)
20590 □	00106-91-2	Metacrilato de 2,3-epoxipropilo.	CMA = 0,02 mg/6 dm ² .
20890	000097-63-2	Metacrilato de etilo.	
21010	000097-86-9	Metacrilato de isobutilo.	
21100	004655-34-9	Metacrilato de isopropilo.	
21130	000080-62-6	Metacrilato de metilo.	
21190	000868-77-9	Monometacrilato de etilenglicol.	
21280	002177-70-0	Metacrilato de fenilo.	
21340	002210-28-8	Metacrilato de propilo.	
21460	000760-93-0	Anhídrido metacrílico.	
21490	000126-98-7	Metacrilonitrilo.	LME = non detectable (LD = 0,020 mg/kg tolerancia analítica incluída).
21520 □	01561-92-8	Metalilsulfonato de sodio.	LME = 5 mg/kg.
21550	000067-56-1	Metanol.	
21640 □	00078-79-5	2-Metil-1,3-butadieno.	CM = 1 mg/kg en PT ou LME = ND (LD = 0,02 mg/kg, tolerancia analítica incluída).
21730	000563-45-1	3-Metil-1-buteno.	CMA = 0,006 mg/6 dm ² . Para uso soamente en polipropileno.
21765 □	106246-33-7	4,4 Metilenbis (3-cloro-2,6-dietilanilina).	CMA = 0,05 mg/6 dm ² .
21821 □	00505-65-7	1,4-(Metilendioxi)butano.	Véxase 1,4-Butanodiolformal.
21940	000924-42-5	N-Metilolacrilamida.	LME = ND(LD = 0,01 mg/kg).
22150	000691-37-2	4-Metil-1-penteno.	LME = 0,02 mg/kg.
22331	025513-64-8	Mestura de 1,6-diamino-2,2,4-trimetilhexano (40 por 100 p/p) e 1,6-diamino-2,4,4-trimetilhexano (60 por 100 p/p).	CMA = 5 mg/6 dm ² .
22350	000544-63-8	Ácido mirístico.	
22360 □	01141-38-4	Ácido 2,6-naftalendicarboxílico.	LME = 5 mg/kg.
22390	000840-65-3	2,6-Naftalenodicarboxilato de dimetilo.	LME = 0,05 mg/kg.
22420	003173-72-6	1,5-Diisocianato de naftaleno.	CM(T) = 1 mg/kg en PT (expresado como NCO).
22437 □	00126-30-7	Neopentilglicol.	Véxase 2,2-Dimetil-1,3-propanodiol.
22450	009004-70-0	Nitrocelulosa.	
22480	000143-08-8	1-Nonanol.	
22550	000498-66-8	Norborneno.	Ver biciclo (2,2,1)hept-2-eno.
22570	000112-96-9	Isocianato de octadecilo.	CM(T) = 1 mg/kg en PT (expresado en NCO).
22600	000111-87-5	1-Octanol.	
22660	000111-66-0	1-Octeno.	LME = 15 mg/kg.
22763	000112-80-1	Ácido oleico.	
22778 □	07456-68-0	4,4 Oxibis(bencenosulfonil azida).	CMA = 0,05 mg/6 dm ² .
22780	000057-10-3	Ácido palmítico.	
22840	000115-77-5	Pentaeritritol.	
22870	000071-41-0	1-Pentanol.	
22900 □	00109-67-1	1-Penteno.	LME = 5 mg/kg.
22937	001623-05-8	Éter perfluoropropilperfluorovinílico.	LME = 0,05 mg/kg.
22960	000108-95-2	Fenol.	
23050 □	000108-45-2	1,3-Fenilendiamina.	LME = ND (LD = 0,02 mg/kg, tolerancia analítica incluída).
23155	000075-44-5	Fósxeno.	Ver «Cloruro de carbonilo».
23170	007664-38-2	Ácido fosfórico.	
23175	000122-52-1	Fosfito de trietilo.	CM = ND(LD = 1 mg/kg en PT).
